



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Teño d'ir e vir a Calo  
na reculleita do millo,  
teño d'ir e vir a Calo,  
de Calo no me despido.

Para Orellán vou cantando  
para Deixebre vou rindo,  
alí están os meus amores  
na súa cama dormindo.

O meu amor é un xastre,  
eu son unha custureira,  
sei qu'ó demo-nos xuntou-e  
a raza a maila caseira.

Pasei pola túa porta,  
pedinch'auga non ma deches,  
cando pases po-la miña  
farei como me fixeches.

Teñ'ón xuramento feito,  
amais heino de cumprir,  
que mentres que non me case  
de min nadie se ha de rir.

/:Pero eu teño castr'ou cinco:/  
qu'a muller que ha de ser miña  
primer' hame dar un bico.

¡Ai Maruxiña  
dame un biquiño!  
Os teus labios teñen  
sabor riquiño.

Soy de Asturias, soy de Asturias,  
soy higa de una Asturiana,  
soy de Asturias, soy de Asturias  
soy donde me dai la ghana.

Dime dónde vas morena,  
dime dónde vas salada,  
dime dónde vas morena  
a las seis de la mañana.



Noche escura, noite escura,  
es para mi un reghalo  
que me tiene aburrecida.  
la noche luna claro.

Por cantar, chirin baina  
me llevan preso a Santander;  
por cantar, chirin baina  
me llevan preso cuatro soldados y una mujer.

Anda, corazón alegre,  
non te cubras de tristura,  
qu'un paño de seda fina,  
unha mancha desemula.

Alghún día, algo, algo,  
alghún día, algo ben,  
alghún día, algo, algo,  
aghora tanto me tén.